

Convocatoria de retos Polos eclipsados

Resolución do 08 de maio de 2026 da Secretaría Xeral Técnica pola que se regula a convocatoria de acreditación de guías escolares e de retos STEM vinculados á eclipse solar total de agosto de 2026 (Polos Eclipsados) nos centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que contén cun Polo creativo.

O 12 de agosto de 2026 terá lugar un evento astronómico único para Galicia, que será, en boa parte do seu territorio, zona de sombra no tránsito dunha eclipse de sol total. Esta circunstancia está a espertar gran interese social e mediático, centrando a atención en diversos aspectos da astronomía, a astrofísica e a exploración espacial en xeral. Pódese afirmar que se trata dun evento con gran poder motivacional para o alumnado e as comunidades educativas en xeral. Este potencial pode ser utilizado como tractor para activar o despregamento de diversas competencias clave do alumnado e avanzar no seu desenvolvemento, tales como a competencia STEM, a competencia en comunicación lingüística, a competencia dixital, a competencia emprendedora ou a competencia personal, social y de aprender a aprender.

A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, contempla entre os seus principios a concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida; así como o esforzo individual e a motivación do alumnado. Entre os seus fins atópanse o desenvolvemento da capacidade do alumnado para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como a capacidade para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor. De xeito paralelo, tamén é un principio a adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, entre outros.

Pola súa banda, o programa Polos creativos, creado en virtude da Orde de 21 de abril de 2022 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se crea o programa de innovación educativa Polos creativos e se establece o procedemento para a participación dos centros docentes públicos dependentes desta consellería, establece que os Polos creativos desenvolveranse mediante a dotación dun equipamento especializado, cun deseño modular e innovador, e organizados didacticamente para o fomento da creatividade e da formación do alumnado nun contexto de aprendizaxe competencial. Están baseados no desenvolvemento do pensamento computacional e as súas competencias asociadas mediante a aprendizaxe activa e manipulativa, a aprendizaxe baseada no deseño, a solución de problemas e a aprendizaxe entre iguais.

Funcionarán como núcleos dinamizadores no marco da Estratexia educación dixital 2030, de maneira que poderán albergar actividades de tipo obradoiro tanto para o profesorado como para o alumnado e, de ser o caso, as familias, desde unha óptica de aprendizaxe conxunta e comunitaria. Así mesmo, poderán desenvolver proxectos mediante a experimentación, o prototipado e a construción. Tamén poden albergar prácticas de investigación e proxectos baseados na abordaxe de problemas reais que inclúan a innovación e fabricación a pequena escala.

Funcionarán como centro de actividades en que se traballe a intelixencia artificial e outras tecnoloxías intensivas, o procesamento audiovisual e artístico, a realidade virtual e a impresión 3D, tecnoloxías de control computerizado e fabricación aditiva, mecanización de diferentes materiais, electromecánica, robótica e microcontroladores, entre outras.



Serán, por tanto, espazos abertos ás comunidades locais para favorecer o desenvolvemento de competencias dixitais e científico-tecnolóxicas e artísticas do conxunto da cidadanía, polo que ofertarán actividades formativas para os diversos colectivos. En concreto, facilitará a solución conxunta de problemas coa participación de alumnado, profesorado e familias, e fomentará especialmente aquelas accións que impliquen a participación de nais e pais xunto cos seus fillos e fillas en actividades tanto de formación como de creación.

En definitiva, o fin último é lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver o máximo posible as súas potencialidades e, xa que logo, contribuír á mellora da calidade do sistema educativo de Galicia.

A Xunta de Galicia, pola súa banda, constituíu o 21 de xaneiro de 2026 unha comisión interdepartamental de preparación e coordinación das actuacións relacionadas coa observación segura da eclipse, na que participa a Consellería competente en materia de educación, que será a encargada da divulgación científica da eclipse, especialmente no ámbito educativo. Para isto, a comisión interdepartamental establece que se organizarán diferentes actividades a través de programas como os Polos creativos e a Rede de Formación do Profesorado, así como diferentes eventos, todos recollidos no Plan Galicia Explora o Ceo: Camiño da Eclipse 2026. Neste Plan dase conta da actividade "Pasaporte explora o espazo nos Polos creativos", como o conxunto de actividades multinivel deseñadas para seren desenvolvidas tanto na aula como fóra dela, estruturadas en forma de desafíos científicos e/ou tecnolóxicos. Estas actividades fan uso do material e da dotación dispoñible nos Polos creativos, favorecendo a aprendizaxe activa, a experimentación e o traballo colaborativo.

De acordo co anteriormente exposto, a secretaría xeral técnica RESOLVE:

Apartado 1. Obxecto e finalidade

Esta Resolución ten por obxecto regular a Convocatoria de acreditación de guías escolares e de retos STEM vinculados á eclipse solar total de agosto de 2026 (Polos Eclipsados) nos centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que contén cun Polo creativo.

A finalidade desta convocatoria establecer as bases para a acreditación do alumnado de terceiro ciclo de educación primaria e alumnado de educación secundaria obrigatoria como guías escolares da eclipse 2026 é recoñecer os mellores traballos de divulgación científica e didáctica das ciencias realizados polo alumnado dos centros referidos no apartado dous nos ámbitos de coñecemento da astronomía, a astrofísica e as ciencias do espazo.

Apartado 2. Ámbito de aplicación

Poderán participar nesta convocatoria todos os centros educativos sostidos con fondos públicos que contén cun Polo creativo ou Polo creativo Plus, naqueles niveis educativos dentro do programa de Polos creativos; é dicir, segundo ciclo de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria.

Apartado 3. Modalidades de participación

1. Guía escolar da eclipse 2026: Poderá participar nesta modalidade o alumnado de terceiro ciclo de educación primaria e o alumnado de educación secundaria obrigatoria. Os equipos estarán formados por grupos-clase completos ou, no seu caso, por grupos correspondentes a actividades complementarias realizadas no centro; que serán inscritos por un/ha docente



responsable. Precisarase un/ha docente responsable por cada grupo, podendo, en función da organización do centro, recaer esta responsabilidade na mesma persoa para máis dun equipo.

2. **Retos STEM:** Poderán participar nesta modalidade os centros docentes sostidos con fondos públicos que contén cun Polo creativo ou cun Polo creativo Plus. Cada centro participante fará constar o profesorado responsable da actividade así como o alumnado participante.

Apartado 4. Tipoloxías das actividades e requisitos das mesmas

1. **Guía escolar da eclipse 2026:** Serán requisitos indispensables:

- Superar a actividade 0 obtendo unha avaliación positiva no cuestionario.
- Desenvolver a actividade 1 recollendo evidencias gráficas que serán postas a disposición no formato indicado.
- Realizar unha segunda misión a escoller entre as dispoñibles ou unha actividade propia que tamén será posta a disposición.

Para completar estas actividades será preceptiva a utilización do material de Polos creativos. Toda a información sobre as actividades, a recollida de evidencias e a posta a disposición das mesmas está dispoñible na aula virtual (<https://centros.edu.xunta.gal/poloscreativos/course/view.php?id=11>).

2. **Retos STEM:** As actividades presentadas polos centros docentes resolverán diferentes retos de comunicación e divulgación científica sobre a astronomía, a astrofísica e exploración espacial; así como de didáctica das ciencias do espazo. As propostas poderán adoptar o formato ou formatos que o equipo responsable do seu desenvolvemento considere máis axeitado. Así, poderán presentarse maquetas en toda variedade de soportes, modelos, simulacións, pezas de audio e vídeo, xogos, presentacións, etc. As actividades poderán vincularse con aspectos artísticos, resaltando os valores culturais, estéticos e poéticos da ciencia, a tecnoloxía, a enxeñaría e as matemáticas tanto na súa concepción central como a nivel accesorio. En calquera caso, o rigor científico será un elemento irrenunciable en todas as actividades presentadas. As propostas deberán ser orixinais e compartidas con licenzas compatibles con CC BY-NC-SA, de acordo coas pautas prevista na aula virtual. Cada centro docente poderá presentar a tantos equipos como considere pero, no caso de resultar recoñecido, este recoñecemento será único para todo o centro.

Apartado 5. Evidencias xustificativas

1. **Guía escolar da eclipse 2026:** a persoa docente certificará cun modelo oficial o alumnado que realizou as actividades e que está preparado para ser guía da eclipse. As devanditas actividades deben ser respaldadas pola pertinente recollida de evidencias gráficas en formato fotográfico e vídeo.

2. **Retos STEM:** a persoa responsable do equipo inscribirá a proposta que opta a premio de acordo co formulario previsto na aula virtual e achegará as evidencias solicitadas. Cada actividade estará acompañada dunha documentación que, a modo de memoria técnica, recolla, cando menos, a seguinte información de modo sucinto:

- Datos identificativos: centro educativo, alumnado implicado, docentes participantes, outros membros da comunidade educativa que se consideren...



- Título da actividade
- Reto ou problema que pretende resolver
- Breve indicación dos fundamentos científicos aplicables, adaptados ao nivel educativo do equipo participante
- Aspectos estéticos e artísticos a destacar
- Materiais e métodos
- Resultado, avaliación e propostas de mellora

Apartado 6. Proceso e prazo de solicitude

1. Aqueles centros que desexen participar deberán inscribirse na aula virtual prevista no apartado 4 na modalidade ou modalidades da súa elección, sendo ambas non excluíntes entre si.

2. O prazo para a participación nas diferentes modalidades será o seguinte:

- Guía escolar da eclipse 2026: Comezará ao día seguinte da publicación desta Resolución en <https://www.edu.xunta.gal/portal/> e rematará o día 29 de maio de 2026. Neste prazo os centros farán constar na aula virtual o profesorado responsable e número de alumnado participante. O prazo para achegar as evidencias correspondentes á súa realización, tales como a certificación ou as evidencias gráficas, rematará o 30 de xuño de 2026.
- Retos STEM: Comezará ao día seguinte da publicación desta Resolución en <https://www.edu.xunta.gal/portal/> e rematará o día 29 de maio de 2026.

Apartado 7. Criterios de selección e recoñecemento

1. Guía escolar da eclipse 2026: Todo o alumnado que complete as actividades previstas no apartado 4 será acreditado como guía escolar da eclipse e recibirá o seu correspondente carné e unhas gafas de observación segura da eclipse (ata esgotar existencias por rigorosa orde de inscrición). A tal efecto, os centros inscritos en tempo en forma recibirán un número suficiente de carnés e gafas de acordo á información achegada. Serán os centros docentes os encargados de completar os carnés cos datos persoais do alumnado e asinalos debidamente.

2. Retos STEM: Serán recoñecidas as mellores propostas ata un total de vinte. Este número poderá ser ampliado a xuízo da comisión de selección. Igualmente, a comisión poderá declarar deserto o número de recoñecementos que estime.

O recoñecemento atenderá aos seguintes criterios:

1. Calidade científica
2. Orixinalidade e creatividade
3. Capacidade de comunicación científica
4. Realización técnica
5. Grao de dificultade
6. Implicación da comunidade educativa
7. Integración de elementos artísticos e estéticos que exalten o coñecemento científico
8. Diversidade e sostibilidade dos materiais empregados
9. Enfoque inclusivo e de accesibilidade universal
10. Utilización integral do equipamento de Polos creativos



Cada centro recoñecido recibirá un lote de material complementario de Polos creativos segundo as súas necesidades manifestadas ata o máximo previsto na seguinte relación:

- 4 armarios de andeis
- 5 estanterías metálicas
- 4 asentos de colchoneta
- 2 mesas rectangulares
- 1 carro portátil para ferramentas
- 1 set de ferramentas complementarias
- 1 banco de traballo con panel
- 2 monitores de alta definición
- 3 pantallas de 75"
- 1 conxunto de lapis 3D
- 1 impresora multifunción
- 1 impresora 3D Creality CR200B

Apartado 8. Comisión de selección

1. Baixo a presidencia da persoa titular da Secretaría Xeral Técnica, ou persoa en quen delegue, constituirase unha comisión de selección que se encargará de valorar as solicitudes.
2. A comisión estará integrada pola xefatura do servizo de Coordinación Estratéxica e Innovación, e catro persoas asesoras adscritas funcionalmente a este servizo das que unha actuará como secretaria, con voz pero sen voto.

Apartado 9. Seguimento

As persoas asesoras de Polos creativos acompañarán aos centros docentes na resolución das dúbidas que poidan xurdir e na utilización efectiva da dotación recibida polos centros docentes recoñecidos.

Apartado 10. Resolución e difusión

1. Guía escolar da eclipse 2026: A relación de centros docentes que contén con alumnado acreditado como guía escolar da eclipse será publicado no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal>).
2. Retos STEM: Unha vez rematado o procedemento de selección dos recoñecementos, a comisión fará pública a resolución, que se difundirá no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal>). Os centros recoñecidos serán convidados a unha xuntanza o 9 de xuño de 2026 en horario de mañá en Santiago de Compostela na que darán a coñecer as súas propostas.

Apartado 11. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.



O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais en garantía dos dereitos dixitais.

En Santiago de Compostela,

Manuel Vila López
Secretario Xeral Técnico

